


**Un bon betanceiro**

## **SANTIAGO DE LA FUENTE GARCIA**

Por BRAIS DA BOUZA

Polo vran do 1979 apareceu por Betanzos. Con el viña unha arela de mirar pola promoción cultural dos seus paisáns. Non era novo nel esto de repartir o pan educativo entre as xentes. Tíñao feito na República Dominicana.

Cando estudou en Norteamérica escolleu o tema «Educación para o desenrolo» para graduarse. En Betanzos, ao vir, mellor dito, ao volver, porque aquí naceu, fala coa xente que el estimou idónea. Home metódico, estudoso, de amena conversa, é xeralmente ben aceptado. Quere que os



Santiago de la Fuente, de pé, na presentación do seu libro *La educación en Betanzos y su comarca*, a comezos do 1981. Á esquerda, sentado, o presentador, José A. Miguez.

(Foto Fersal.)

betanceiros sexamos conscientes do noso pasado, do que temos, do que tivemos, das posibilidades que hai de lle quitar bon froito ao que gardamos na casa. Sigue visitando. Viaxa. Pescuda por aquí e por alá.

Para que seipamos de nós, será ben que na biblioteca municipal estean os traballos e artigos que falan de Betanzos. O sistema da fotocopia ven que nin pintado para que o investigador, ou o simple curioso, teña a man ese material orixinalmente perdido por boletíns, periódicos e revistas moitas veces de dificultoso acceso. Complemento dos textos son as fotos antigas. Pois non se diga máis. Man á obra.

Como non é dos que se cren imprescindibeis, ademáis de facer el, complica a uns cantos na tarefa. Pon en marcha un grupo, aúna esforzos, escoita. Grupo precisamente para contribuir ao desvelamento do pasado local, deste Betanzos cabeza de antiga provincia, berce de homes e mulleres dignos de recordación ou, no seu caso, de respeto.

Neste *ANUARIO* dáse conta do estudo de Santiago de la Fuente sobre a educación na nosa bisbarra. Ao fronte del estampóu esta consideración, entre outras: «En Betanzos, no puede ser bueno: buen Gallego, Español, ni Cristiano, quien no es Buen Betanceiro». Traballo longo ese, merecedor de contrapostas opinións unha vez dado a coñecer. Ahí queda o testemuño dun home betanceiro na liña súa de promoción humá.

«Promoción da Fe e da Xusticia» é o lema xesuíta, instituto ao que este garelo do que imos falando pertenece. Seguindo co tema da educación, non se esquece de cómo incrementar as instalacións deportivas dos centros estatáis da localidade. E por mor desto ven o seu poñerse en contacto cos responsabeis da Fundación «García Naveira», filántropos —os ben recordados «Subelas»— que tanto fixeron por Betanzos. Deles ocuparáse Santiago na *Enciclopedia Gallega*.

Ao rematar o 1981 está destinado en Madrid. Tivo, neste ano, un baixón na súa saúde, pero refíxose.

Na capital de España temos un bon betanceiro. Haberá mais, non se discute.

Destes dous anos que pasóu, xeira en Betanzos, xeira na Cruña, entre nós queda a súa obra coas persoas e na cuestión cultural. Podemos saber algo mais do noso onte e, de paso, do hogano e do mañán.

# Movimiento de población en Betanzos

---

Por AYÁN

Durante el año 1981 se ha registrado en Betanzos el siguiente movimiento de población:

## **NACIMIENTOS**

El número de nacimientos acaecidos en el transcurso de dicho año ha sido de 115, concretamente 59 varones y 56 hembras. Los nombres impuestos a las féminas que más abundaron fueron los de Lorena, Marta, Ana-María, Lucía, María, Patricia y Natalia, por este orden, mientras que los padrinos de bautismo de los niños eligieron como nombres mayoritarios los de David, Adrián, Oscar, Diego, Sergio y Antonio.

## **MATRIMONIOS**

Se han celebrado un total de 57 matrimonios, 53 canónicos y 4 civiles. Hubo un enlace entre dos viudos. Otro lo fue entre viuda y soltero. Los restantes contrayentes estaban solteros en el instante de casarse.


## **DEFUNCIONES**

Durante el año 1981 han dejado de existir en Betanzos 92 personas, 56 mujeres y 36 hombres. Doce de las mujeres superaron los 90 años de supervivencia, mientras que, por el contrario, tan sólo ocho hombres llegaron a octogenarios. La edad media de vida lograda por las mujeres fue de 79,10 años; la de los hombres, 70,47 años.

Como se puede apreciar, la longevidad de los brigantinos alcanza cotas francamente altas.

## **ABORTOS**

No se ha registrado ningún aborto a lo largo de todo el año, un dato comparativo ciertamente alentador, tomando como referencia otros años pasados, en el transcurso de los cuales se producía un índice elevado de alumbramientos de fetos, como es el caso del año 1971, que sumó un total de ocho.



La iglesia de San Francisco de Betanzos a comienzos del siglo actual. (Oleo de Manuel Crestar Díaz.)